



**ASOCIACIÓN DE BULIMIA Y ANOREXIA DE LA
 CORUÑA, ABAC CORUÑA**
RUBINE, 6, 4º ESQ.-TRAV. MODESTA GOICOURIA
15004 A CORUÑA

Nº EXPEDIENTE: BS505A 2012/22-1

REXISTRO DE ENTIDADES DE ACCIÓN VOLUNTARIA	BS505A	RESOLUCIÓN DE INSCRIPCIÓN E NOTIFICACIÓN
---	---------------	---

DATOS DE IDENTIFICACIÓN

NOME DA ENTIDADE: ASOCIACIÓN DE BULIMIA Y ANOREXIA DE LA CORUÑA, ABAC CORUÑA		CIF: G15582695
Nº DE INSCRIPCIÓN: O-628	ENDEREZO: RUBINE, 6, 4º ESQ.-TRAV. MODESTA GOICOURIA	
LOCALIDADE: CORUÑA (A)	PROVINCIA: A CORUÑA	C.P.: 15004
REPRESENTANTE LEGAL DA ENTIDADE: MARINA TALLÓN GARRIDO		NIF: 32434508T

Vista a solicitude de inscrición no rexistro de entidades de acción voluntaria de Galicia da entidade ASOCIACIÓN DE BULIMIA Y ANOREXIA DE LA CORUÑA, ABAC CORUÑA, ao abeiro do establecido no Decreto 405/2001, do 29 de novembro, polo que se regula o Rexistro de Entidades de Acción Voluntaria de Galicia e de conformidade cos seguintes

FEITOS

Primeiro.- Con data 4 setembro de 2012 tivo entrada no rexistro xeral do edificio administrativo da Xunta de Galicia en A Coruña a solicitude de inscrición no Rexistro de Entidades de Acción Voluntaria de Galicia da entidade ASOCIACIÓN DE BULIMIA Y ANOREXIA DE LA CORUÑA, ABAC CORUÑA

Segundo.- Con data 1 de outubro tivo entrada no rexistro xeral da Consellería de Traballo e Benestar o expediente, remitido polo Departamento Territorial desta Consellería na Coruña para proceder á súa inscrición.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- O artigo 32 da Lei 10/2011, de 28 de novembro, de acción voluntaria crea o rexistro de acción voluntaria de Galicia, que se estrutura en dúas seccións: Sección de entidades de acción voluntaria e Sección de experiencias das persoas voluntarias.

Este rexistro está adscrito actualmente á Consellería de Traballo e Benestar.

Segundo.- De conformidade co establecido no Decreto 1/2012, de 3 de xaneiro, polo que se modifica a estrutura orgánica da Xunta de Galicia e ao abeiro dos Decretos 13/2012, de 4 de xaneiro, polo que se fixa a estrutura orgánica dos departamentos da Xunta de Galicia e 335/2009, de 11 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Traballo e Benestar, é competencia da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado acordar a inscrición no Rexistro de Entidades de Acción Voluntaria de Galicia.



Terceiro.- A documentación e os datos que constan no expediente axústanse ao establecido nos artigos 5, 6 e 7 do Decreto 405/2001, do 29 de novembro, polo que se regula o Rexistro de Entidades de Acción Voluntaria de Galicia.

En virtude do exposto,

RESOLVO:

Acordar a inscrición no Rexistro de Entidades de Acción Voluntaria de Galicia, da Entidade **ASOCIACIÓN DE BULIMIA Y ANOREXIA DE LA CORUÑA, ABAC CORUÑA**, asignándolle o número **O-628**

Contra esta resolución, que non esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso de alzada perante a Consellería de Traballo e Benestar, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte á notificación desta resolución, consonte co pervisto nos artigos 114 e 115 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e o procedemento administrativo común.

Santiago de Compostela, 8 de outubro de 2012

O director xeral de Xuventude e Voluntariado



Ovidio Rodeiro Tato